

I. DISPOSICIÓNS XERAIS**Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas**

Decreto 336/1992, do 26 de novembro, sobre normas de adjudicación de locais de negocio do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Entre os inmobles que, como consecuencia do cumprimento das súas funcións, o IGVS incorpora ó seu patrimonio de destino, figuran os locais de negocio situados en edificios de vivendas de promoción pública.

A devolución ó tráfico xurídico dos referidos locais, tanto pola súa propia natureza, como polas características da actividade que desenvolve o organismo autónomo, débese producir dun xeito áxil e, con carácter xeral, mediante o seu alleamento polo prezo de mercado, para a utilización do seu produto como fonte de financiamento.

Carece, pois, de sentido mante-la figura do alugueiro deste tipo de locais, que converte o Instituto nun administrador inmobiliario de unidades de negocio, o que de ningún xeito pertence ó ámbito das funcións que lle son propias.

Sobre a base do exposto anteriormente o presente decreto determina os procedementos para a adjudicación dos locais de que se trata, e criterios que se terán en conta na súa valoración, ademais doutros extremos relativos ó pagamento do prezo e consecuencias derivadas do incumprimento do adjudicatario.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinteseis de decembro de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:**Artigo 1º**

O réxime de transmisión e uso dos locais de negocio da titularidade do IGVS ou que, como consecuencia da construción de vivendas de protección oficial de promoción pública, se integren no seu patrimonio, será o establecido polo presente decreto e normas que o desenvolvan.

Artigo 2º

A transmisión dos locais de negocio ós que alude o artigo anterior efectuarase mediante o seu alleamento en subhasta pública, sen outras excepcións cáis sinaladas no artigo seguinte.

Artigo 3º

Os locais de negocio poderán ser alleados mediante adjudicación directa nos seguintes supostos:

a) Cando se trate de instalar neles servicios de carácter público.

b) Por razóns cualificadas de interese público ou social, que se farán constar na correspondente resolución.

c) Cando non fosen adjudicados en subhasta pública por falta de licitadores, inadmisión das propostas presentadas ou incumprimento polo rematante das condicións esixibles para a formalización do contrato.

Artigo 4º

O prezo de venda dos locais en ningún caso será inferior ó que figure valorado na contabilidade das existencias do IGVS. Esta valoración, efectuada de acordo coas normas de taxación vixentes, servirá de tipo de saída no alleamento de locais polo procedemento de subhasta e fixará o prezo de venda nos supostos previstos nos apartados a e b do artigo 3º.

O prezo dos locais que se adjudiquen directamente nos supostos ós que se refire o apartado c do artigo 3º, será establecido polo IGVS en función do seu valor de mercado, referido á data na que se produza a solicitude de compra polo interesado.

Artigo 5º

O pago do prezo de venda do local efectuarase de contado, debéndose acreditar tal extremo no momento de outorga-la correspondente escritura pública ou contrato de compravenda.

Unicamente se admitirá o aprazamento do pago nos casos de adjudicación directa sinaladas nos apartados a e b do artigo 3. Nestes casos as anualidades non poderán exceder de catro, repartidas en oito pagos semestrais.

Artigo 6º

A falta de ingreso do prezo de contado ou de calquera dos prazos facultará o IGVS para anula-la adjudicación, nun caso, ou rescindi-lo contrato, noutro, con perda da fianza constituída.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os locais de negocio propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo que na data de entrada en vigor do presente decreto se atopen adjudicados en réxime de alugueiro continuarán baixo o referido réxime ata o remate do contrato ou da súa prórroga forzosa, de se-lo caso.

Finalizado o dito prazo, e de non ter sido solicitado con anterioridade polo arrendatario, o IGVS ofreceralle a este a posibilidade da adquisición do local, mediante adjudicación directa, e polo prezo que resulte da aplicación do disposto no último parágrafo do artigo 4º deste decreto.

No caso de renuncia do arrendatario, o local adjudicarase polos sistemas previstos nos artigos 2º e 3º deste decreto.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

Primeira.—A partir da entrada en vigor do presente decreto non será de aplicación no ámbito da Comunidade Autónoma o Decreto 2.185/1974, do 20 de xu-

llo, polo que se regula o réxime de uso e utilización e a adxudicación dos locais de negocio propiedade do Instituto Nacional da Vivenda.

Segunda.—A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.—Autorízase o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas para dicta-las disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento do presente decreto.

Santiago de Compostela, vinteseis de novembro de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Cufía Crespo
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras
Públicas

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería da Presidencia e Administración
Pública

Decreto 337/1992, do 12 de novembro, polo que se declara a urxente ocupación para os efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de EP 1.104, variante de Exipto en Boiro.

A Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o día 13 de setembro de 1991, aprobou o proxecto de EP variante de Exipto en Boiro e, na sesión do 29 de novembro de 1991, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó amparo do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración da urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Emitiu informe favorable a Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

A competencia para a declaración da urxente ocupación estalle atribuída á Xunta de Galicia polo artigo 27.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, e pola alínea B) 4.3 do anexo I ó R.D. 3.037/1982, do 24 de xullo.

Considérase urxente a execución do mencionado proxecto técnico, por tratarse de obras incluídas no Plan da Rede Viaria Local-1991.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día doce de novembro de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:

Artigo único.—De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de EP 1.104, variante de Exipto en Boiro.

Santiago de Compostela, doce de novembro de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Decreto 338/1992, do 12 de novembro, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de EP 0701 Santiago de Compostela-Santa Comba.

A Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o día 13 de setembro de 1991, aprobou o proxecto de EP 0701 Santiago de Compostela-Santa Comba, e na sesión do 29 de novembro de 1991, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó amparo do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración da urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Emitiu informe favorable a Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

A competencia para a declaración da urxente ocupación estalle atribuída á Xunta de Galicia polo artigo 27.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, e pola alínea B) 4.3 do anexo I ó R.D. 3.037/1982, do 24 de xullo.

Considérase urxente a execución do mencionado proxecto técnico, por tratarse de obras incluídas no Plan da Rede Viaria Local-1991.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día doce de novembro de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:

Artigo único.—De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para